



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CABANAS

*Bases convocatoria selección persoal Programa Limpeza de Praias*

### ANUNCIO

Por Resolución da Alcaldía 1003/2022, de data 30 de xuño de 2022, procedeuse á aprobación das bases que rexerán a convocatoria para a contratación de persoal laboral temporal, dentro do Programa de Limpeza de Praias Marítimas da Deputación Provincial da Coruña durante o exercicio 2022, MA100/2022, sendo as que a continuación se reproducen:

**Bases da convocatoria para a selección de dez prazas de peón, persoal laboral temporal, a tempo parcial, ao abeiro do Programa de Limpeza de Praias Marítimas da Deputación Provincial da Coruña, MA100/2022, durante o exercicio 2022.**

#### 1. Obxecto da convocatoria.

É obxecto da presente convocatoria a selección de persoal para a contratación laboral temporal, en base os criterios de publicidade de convocatoria, mérito e capacidade dos candidatos, para a realización de traballos de limpeza e mantemento na zona da praia e piñeiral da Madalena, Chamoso e Río Castro, dentro do Programa de subvencións da Deputación Provincial da Coruña para limpeza de praias marítimas durante o exercicio 2022, MA100/2022, de conformidade co establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real Decreto Legislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local, Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015 do 30 de outubro, Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia e demais disposicións de aplicación.

En canto a regulación das condicións do contrato estarase ao disposto no Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Estatuto dos Traballadores.

#### 2. Modalidade de contratación.

A modalidade da contratación será a de contrato laboral de duración determinada, a tempo parcial, por circunstancias da produción para situacións ocasionais previsibles, consonte ao establecido no artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, estando vinculado o referido contrato ao financiamento do servizo por parte da Deputación Provincial da Coruña.

A duración do contrato será de 90 días.

Prazas convocadas: 10 prazas de peón

Tipo de xornada: 75%

Retribución: 875,00 euros mensuais, incluído rateo de pagas extra.

#### 3. Publicidade.

As bases do presente proceso selectivo publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na Sede Electrónica do Concello de Cabanas.

Todos os anuncios sucesivos faranse na Sede Electrónica do Concello de Cabanas.

#### 4. Requisitos das persoas aspirantes.

Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos xerais conforme ao artigo 56 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro:

a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e do previsto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, respecto do acceso ao emprego público por nacionais doutros estados.

- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas atribuídas ao posto de traballo.
  - c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
  - d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
  - e) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade que determina a lexislación vixente.
  - f) Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
  - g) Acreditación do coñecemento da lingua galega, nivel Celga 1 ou equivalente.
- Todos os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias.

### 5. Presentación de solicitudes.

As persoas que desexen tomar parte nesta convocatoria deberán facelo constar en instancia dirixida ao Sr. Alcalde, segundo o modelo establecido no Anexo I das presentes bases, no Rexistro do Concello de Cabanas, así como nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de instancias será de cinco (5) días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

No caso de presentar a solicitude nun lugar distinto ao do Rexistro do Concello de Cabanas, as persoas aspirantes deberán remitir unha copia da instancia xa rexistrada, xunto cunha copia de toda a documentación que acheguen coa solicitude, á dirección de correo electrónico: [registro@cabanas.gal](mailto:registro@cabanas.gal), no mesmo día da súa presentación nos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e sempre que sexa dentro do prazo de presentación de instancias.

Á instancia unirase necesariamente a seguinte documentación:

- a) Copia do DNI ou documento de identificación.
- b) Copia da titulación esixida na base cuarta.
- c) Declaración xurada segundo o modelo do Anexo II da presente convocatoria.
- d) No seu caso, documentos da xustificativos detallados no punto 8 das bases convocatoria para a fase de concurso.
- e) No seu caso, documento acreditativo, debidamente cotexado, de estar en posesión da titulación acreditativa do coñecemento da lingua galega, Celga 1 ou equivalente.

### 6. Admisión de persoas aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de instancias o Sr. Alcalde-Presidente da Corporación ditará Resolución declarando aprobada a listaxe de persoas aspirantes admitidas e excluídas para cada posto, especificando o cumprimento dos requisitos esixidos nas presentes bases, publicándose anuncio na Sede Electrónica do Concello de Cabanas,

As persoas aspirantes disporán dun prazo non superior a dous (2) días hábiles para a subsanación de deficiencias dende a publicación do anuncio na Sede Electrónica do Concello de Cabanas para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos do establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Rematado o prazo de subsanación, ou non caso de non necesidade de subsanación de solicitudes, dende a publicación de relación de persoas aspirantes admitidas, publicarase a relación definitiva de persoas admitidas/excluídas nas probas selectivas, publicándose o correspondente anuncio na Sede Electrónica do Concello de Cabanas, así como o nomeamento das persoas que constituirán o Tribunal Cualificador, e data de reunión do Tribunal para a valoración de méritos.

### 7. Tribunal cualificador.

Os membros do Tribunal Cualificador serán designados pola Alcaldía segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por cinco persoas titulares, presidente/a, tres vogais e secretario/a.

Os membros do Tribunal Cualificador deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Deberá tenderse na súa composición a paridade entre home e muller.

Non poderán formar parte do Tribunal o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino, o persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación a aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual, sen que se poida desempeñar esta en representación ou por conta de ninguén.

O Tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunha das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas, sen que sexan integrantes do Tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran algunha das circunstancias ás que se refire o parágrafo anterior.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

Tódolos membros do Tribunal Cualificador que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto.

As decisións do Tribunal Cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do/a seu/súa Presidente/a.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas Bases.

Aos efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ao disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo

## **8. Sistema de selección.**

A selección de aspirantes realizarase a través do sistema de concurso-oposición.

### **8.1. Fase de oposición. Máximo 10 puntos.**

#### **a) Proba teórica.**

A proba consistirá na realización dun cuestionario de 20 preguntas tipo test, con tres alternativas de resposta, onde se avaliarán os coñecementos das persoas aspirantes sobre o temario obxecto da presente convocatoria, en relación co contido do programa que figura no Anexo III das presentes bases.

A proba terá unha duración máxima de trinta minutos e será valorada de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter unha puntuación mínima de 5,00 puntos para a superación da proba. As respostas incorrectas non restarán puntuación.

#### **b) Proba de galego.**

En base ao establecido no artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego público de Galicia, respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos básicos en lingua galega terán unha proba de carácter oral, que será cualificada como apto/a ou non apto/a. Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten, coa presentación da instancia, estar en posesión do Celga 1 ou equivalente.

### **8.2. Fase concurso. Máximo 6 puntos.**

O Tribunal cualificador procederá a valoración da documentación achegada polas persoas aspirantes que superen a fase de oposición.

#### **Experiencia laboral.**

-Por cada mes traballado na empresa privada a xornada completa, coa categoría de peón, realizando tarefas directamente relacionadas co posto de traballo ao que se opta, 0,15 puntos mes.

-Por cada mes traballado na Administración Pública a xornada completa, coa categoría de peón, realizando tarefas directamente relacionadas co posto de traballo ao que se opta, 0,30 puntos/mes.

**A experiencia laboral para ser valorada deberá vir debidamente xustificada mediante copia dos contratos de traballo e/ou certificado de servizos prestados, que indicará a data de inicio e remate e categoría profesional, non valorándose aqueles contratos que non o xustifiquen debidamente. Acompañarase así mesmo de informe da vida laboral.**

Non se terán en conta os servizos prestados como autónomo/a.

#### **9. Cualificación final, presentación de documentos e formalización do contrato.**

A cualificación final das persoas aspirantes será a suma das puntuacións obtidas na proba tipo test e na valoración de méritos, publicándose o resultado por orde de maior a menor puntuación.

No caso de empate das puntuacións totais finais de dúas ou máis persoas aspirantes, resolverase do seguinte xeito:

1º. A maior puntuación obtida na proba teórica da fase de oposición.

2º. En caso de persistir o empate, realizarase sorteo público.

O Tribunal, despois da cualificación das persoas aspirantes, publicará a lista de persoas aprobadas na Sede Electrónica do Concello de Cabanas, elevando a proposta de contratación ao Sr. Alcalde-Presidente das persoas seleccionadas, por orde de puntuación. A proposta de contratación non poderá incluír máis persoas que prazas convocadas.

Así mesmo o Tribunal poderá formular proposta ao Sr. Alcalde-Presidente para deixar deserta a convocatoria no caso de que ningún dos aspirantes acredite méritos suficientes.

Confeccionarase unha bolsa de traballo coa relación das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo e non obtiveron praza, ordenadas de maior a menor puntuación. Esta bolsa de traballo servirá para posibles renuncias, substitucións ou baixas que se produzan durante a vixencia do Programa de Limpeza de praias marítimas MA100/2022 da Deputación Provincial da Coruña.

As persoas aspirantes seleccionados, previamente á súa contratación, no prazo de dous (2) días hábiles dende a súa proposta de contratación, deberán xustificar os seguintes requisitos:

Certificado médico de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio das funcións para as que resultou seleccionado/a.

A non presentación da referida documentación implica a perda dos dereitos adquiridos facultando á Alcaldía-Presidencia para formalizar contrato co aspirante seguinte da lista de puntuación do Tribunal.

Logo de formalizada a proposta do tribunal e achegada a documentación polas persoas seleccionadas, a Alcaldía ditará resolución de contratación das persoas propostas e formalizará o correspondente contrato laboral para o comezo da prestación do servizo.

#### **10. Réxime de incompatibilidades.**

A persoa aspirante proposta, desde a súa contratación, quedará sometida ao réxime de incompatibilidades que establece a lexislación vixente nesta materia, segundo a regulación establecida na Lei 53/84, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

#### **11. Carácter vinculante das bases.**

As bases da presente convocatoria vinculan á Administración, ao Tribunal Cualificador e ás persoas aspirantes que participen neste proceso selectivo.

#### **12. Incidencias.**

O Tribunal Cualificador do proceso selectivo queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

#### **13. Protección de datos de carácter persoal.**

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal incorporaranse a un ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Cabanas, onde as persoas aspirantes poderán exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación e cancelación.

Mediante a participación no presente proceso selectivo, as persoas aspirantes ao mesmo, consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a cualificación de probas, a avaliación das persoas aspirantes, así como a provisión do posto.

Igualmente, as persoas aspirantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro de Edictos do Concello, a efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de selección, aos representantes dos/as traballadores/as, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

#### **14. Réxime Xurídico.**

Para todo o non previsto nestas Bases será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e forma establecidos na Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

#### **15. Recursos.**

Contra a Resolución da Alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Con carácter potestativo e previo, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, en virtude do establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia. Si se opta por interpoñer recurso de reposición potestativo non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses a contar dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro que o/a interesado/a considera procedente.

Cabanas, 30 de xuño de 2022

O Alcalde,

Carlos Ladra Brage

## ANEXO I

## MODELO DE SOLICITUDE

Don/Dona ....., con DNI número .....  
e domicilio a efectos de notificación en .....  
con número de teléfono..... e dirección de correo electrónico.....

**EXPÓN:**

Enterado/a da convocatoria para a provisión de dez prazas de peón, persoal laboral temporal, incluídas dentro do Programa de limpeza de praias da Deputación Provincial da Coruña, considerando que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Bases da presente convocatoria

**SOLICITA:**

**Primeiro.** A súa admisión ás probas de referencia para a selección de dez prazas de peón.

**Segundo.** Que acompaña a seguinte documentación, declarando coñecer as Bases que rexen a presente convocatoria, polo que se compromete ao seu cumprimento

**Documentación que achega:**

- Copia do DNI
- Copia do certificado de escolaridade.
- Declaración xurada segundo o modelo adxunto no anexo II.
- No seu caso, documento acreditativo, debidamente cotexado, de estar en posesión do Celga 1 ou equivalente
- No seu caso, documentos xustificativos detallados no punto 8 das bases da convocatoria para a fase de concurso.

Cabanas, .....de ..... de 2022.

Asdo:

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CABANAS**

Cláusula xeral: De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámolo/a de que os datos persoais facilitados se incorporan e manteñen nun ficheiro titularidade do Concello, coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos só nos casos previstos na lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, na medida en que a lei o permita, dos seus datos, comunicándollo por escrito ao Concello, achegando copia de documento que acredite a súa identidade.

## ANEXO II

## Modelo de declaración xurada

Don/Dona ....., con DNI número .....  
e domicilio a efectos de notificación en .....  
con número de teléfono..... e dirección de correo electrónico.....

**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

**Primeiro:** Que reúno todos e cada un dos requisitos establecidos na Bases da presente convocatoria.

**Segundo:** Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente.

**Terceiro:** Que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, e que non me atopo en situación de inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer función similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de selección de 10 prazas de peón, persoal laboral temporal, para a limpeza de praias do Concello de Cabanas, asino a presente declaración, baixo a miña responsabilidade.

Cabanas, ..... de .....de 2022.

Asdo:

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CABANAS**

**ANEXO III****Temario**

1. A Lei de prevención de riscos laborais. Equipos de protección persoal. Condicións de seguridade nos lugares de traballo, ferramentas e maquinaria. Primeiros auxilios en caso de accidente de traballo.
2. Coñecemento do municipio de Cabanas. Organización municipal e territorial.
3. Mantemento e conservación de vías públicas. Manexo de maquinaria, avarías frecuentes e reparación.
4. Maquinaria e ferramentas para obras de infraestruturas.
5. Nocións básicas de albanelería, xardinería e pintura. Ferramentas. Tipo de materiais.

2022/4003